

# 18 memoria económica

No eido económico, en 2006 produciuse a consolidación do equilibrio económico da nosa universidade, xunto cun avance case definitivo no saneamento das súa finanzas. Eses feitos maniféstanse con claridade na liquidación do ano 2005, en que se equilibraron gastos e ingresos, a pesar de afrontar o exercicio cunha previsión de ingresos estables. A disciplina orzamentaria practicada está a permitir afrontar o reto do EEES en condicións de aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles, como se manifestou non só no ambicioso orzamento do ano 2006, en que medraron en gran medida as bolsas e os investimentos en infraestruturas, investigación e espazo europeo, senón incluso no de 2007 (aprobado en decembro de 2006), que aínda que presenta un crecemento máis moderado, permite ampliar os esforzos en aspectos estratéxicos, particularmente nas políticas de persoal (tanto PAS como PDI), de bolsas e de adaptación ao espazo europeo.

Precisamente foi o orzamento de 2007 o primeiro baseado no Plano estratéxico da UDC, xa que en 2006 se elaborou o núcleo deste: a diagnose da UDC e o seu contorno e a formulación dos seus obxectivos estratéxicos.

Pero os avances nestes terreos non se deben limitar aos aspectos cuantitativos. O feito de que xa non sexa novidade non debe restar importancia á política de transparencia implantada, que se concreta na discusión e na publicidade dos orzamentos e liquidacións, así como dos criterios de distribución de fondos. Así mesmo, a amplísima participación e o consenso logrado constitúen os maiores avais do Plano estratéxico.

## ► Liquidación do orzamento do exercicio 2005


A aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2005 tivo lugar no Consello de Goberno do 30 de xuño de 2006 e, unha vez auditada, segundo o procedemento implantado nos últimos anos, foi ratificada polo Consello Social do 24 de outubro. O seguinte cadro resume por capítulos a información, que se pode consultar polo miúdo (como as liquidacións dos dous exercicios anteriores) na web da Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica (<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/memoriasecon.asp>):

Cadro 150  
Resumo da liquidación do orzamento de 2005

Capítulo	Orzamento	Liquidación
I: Gastos de persoal	65.229.919,62	63.716.506,39
II: Bens correntes e servizos	13.854.360,00	14.374.237,16
III: Gastos financeiros	126.500,00	98.893,60
IV: Transferencias correntes	1.744.950,00	2.618.258,23
VI: Investimentos reais	10.814.041,00	24.366.047,85
VII: Transferencias de capital	194.890,00	194.821,52
VIII: Activos financeiros	50.000,00	0,00
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>92.014.660,62</b>	<b>105.368.764,75</b>
Capítulo	Orzamento	Liquidación
III: Taxas, prezos e outros	14.761.354,63	16.268.783,17
IV: Transferencias correntes	69.761.710,99	71.596.435,78
V: Ingresos patrimoniais	305.000,00	379.517,17
VII: Transferencias de capital	7.186.594,00	17.612.215,52
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>92.014.660,62</b>	<b>105.886.951,64</b>

O saldo orzamentario é a diferenza entre os ingresos (105,9 millóns) e os gastos (105,4 millóns) non financeiros do exercicio. Nesta liquidación consolídase a situación de equilibrio, xa que a disciplina orzamentaria (prudencia na estimación dos ingresos e rigor na execución do gasto) permitiu que, por segundo ano consecutivo, os gastos non superen os ingresos reais, logo dun período anterior de déficits significativos.


Cadro 151  
Saldo orzamentario



A mellora da situación económica redonda nunha gran redución do remanente de tesourería non afectado, que pasou de -8 a -1,6 millóns. Este feito resulta aínda máis salientable tendo en conta que nesta liquidación se anulou ingresos que figuraban como pendentes (concentrados nos exercicios 1999, 2000 e 2003) por valor de 3 millóns de euros. Deste xeito, o saneamento levado a cabo nas liquidacións de 2003 e 2005 acada os 6 millóns de euros:


Cadro 152  
Saneamento acumulado

(anulacións de dereitos de cobro de exercicios anteriores)



Outro reflexo desta evolución das finanzas da institución, quizais un dos máis perceptibles para a comunidade universitaria e extrauniversitaria, é a evolución dos pagamentos. Os pagamentos realizados no ano 2005 (103,7 millóns de euros) supuxeron un crecemento dun 20% respecto do ano anterior. Aínda así, os pendentes de pago a 31 de decembro, que xa se reduciran de 15 millóns de euros en 2003 a 10 millóns en 2004, rebaixáronse ata 1,7 millóns en 2005:

Cadro 153  
Pendentes de pago a 31/12



#### ► Orzamento do exercicio 2006

O orzamento do exercicio 2006 da Universidade da Coruña aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social, tras presentarlle as súas liñas xerais ao Claustro, está dispoñible en <http://www.udc.es/reitoria/gal/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp> (que recolle en aberto os orzamentos de 2004 a 2007). Este documento inclúe os obxectivos do presuposto, a análise dos capítulos de ingresos e gastos, os criterios de distribución dos fondos descentralizados, as bases de execución e todas as partidas de ingresos e gastos individualizadas. O seu resumo por capítulos reproducése a continuación:


Cadro 154  
Resumo do orzamento de 2006

INGRESOS	2005	%	2006	%	VAR 05/06
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.761.354,63	16,04%	15.067.402,00	14,30%	2,07%
Capítulo IV: Transferencias correntes	69.761.710,99	75,82%	76.168.200,97	72,27%	9,18%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	305.000,00	0,33%	313.510,00	0,30%	2,79%
Capítulo VII: Transferencias de capital	7.186.594,00	7,81%	13.845.147,98	13,14%	92,65%
Capítulo VIII: Activos financeiros	1,00	0,00%	1,00	0,00%	0,00%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00%
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>92.014.660,62</b>	<b>100,00%</b>	<b>105.394.261,95</b>	<b>100,00%</b>	<b>14,54%</b>

GASTOS	2005	%	2006	%	VAR 05/06
Capítulo I: Gastos de persoal	65.229.919,62	70,89%	70.720.872,27	67,10%	8,42%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	13.854.360,00	15,06%	15.651.135,95	14,85%	12,97%
Capítulo III: Gastos financeiros	126.500,00	0,14%	138.000,00	0,13%	9,09%
Capítulo IV: Transferencias correntes	1.744.950,00	1,90%	2.491.085,00	2,36%	42,76%
Capítulo V: Fondo de continxencia			1.000.000,00	0,95%	49,37%
Capítulo VI: Investimentos reais	10.814.041,00	11,75%	15.153.278,73	14,38%	
Capítulo VII: Tranferencias de capital	194.890,00	0,21%	224.890,00	0,21%	15,39%
Capítulo VIII: Activos financeiros	50.000,00	0,05%	15.000,00	0,01%	-70,00%
Capítulo IX: Pasivos Financeiros		0,00%	0,00	0,00%	
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>92.014.660,62</b>	<b>100,00%</b>	<b>105.394.261,95</b>	<b>100,00%</b>	<b>14,54%</b>

O orzamento acadou os 105,4 millóns de euros, o que supuxo un crecemento dun 14,5%. O seguinte gráfico reflicte a evolución do orzamento nos últimos anos:

Cadro 155  
Evolución do orzamento da UDC



O incremento dos ingresos proveu das transferencias correntes recibidas da Xunta de Galicia e da captación de 4,4 millóns de euros para investimentos cofinanciados polo FEDER e pola Xunta de Galicia, mentres que as taxas, pese a medrar lixeiramente, perden peso relativo. O seguinte gráfico recolle esta variación na composición dos ingresos:

Cadro 156  
Composición dos ingresos



Cadro 157  
Composición dos gastos



O orzamento foi axeitado para asumir o cumprimento dos compromisos da institución, consolidar a súa solvenza financeira e avanzar na procura dos obxectivos priorizados polo equipo de goberno. Isto concretouse na consolidación dos procesos de estabilización, promoción e renovación do persoal, ao tempo que se reduciu o peso dos gastos de persoal no orzamento; na contención dos gastos en bens correntes e servizos; no incremento das bolsas a estudantes por enriba do 20%; e nun gran incremento (do 50%) dos investimentos, concentrados nas políticas de calidade e adaptación ao EEES (ás que se destinou máis de medio millón de euros), en investigación (os programas de investigación medraron un 36%), e na modernización das redes de comunicacións da UDC (3,5 millóns) e os sistemas de información.

Para rematar coa sección do orzamento, en relación aos seus anexos cómpre salientar o carácter público e estable tanto dos criterios de distribución dos fondos descentralizados como das bases de execución. Esa estabilidade é compatible coa flexibilidade necesaria para perfeccionar e adaptar a regulación, que no ano 2006 se traduciu na flexibilización da utilización das partidas relativas á biblioteca e á investigación.

### ► **Plano Estratéxico**

No ano 2006 elaboráronse as dúas fases que forman o núcleo central do plano estratéxico (o diagnóstico estratéxico e o cadro de mando), de xeito que os obxectivos estratéxicos definidos neste último xa permitiron orientar o orzamento aprobado nese ano para o exercicio 2007. Os documentos correspondentes (PEUDC\_D4\*, PEUDC\_D5, PEUDC\_D6\* e PEUDC\_D7) pódense consultar na web da Oficina de Planificación Estratéxica (<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/documentacion.asp>).

Por enriba de calquera outro aspecto, do núcleo do Plano estratéxico desexamos destacar o seu carácter participativo e o consenso acadado. Nestas dúas fases participaron 10 comisións, compostas por 92 membros: grupos de apoio, comisións delegadas do Consello de Goberno e grupos de debate para cada unha das tres áreas estratéxicas (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade), e Comisión Estratéxica. A alta participación (con niveis de resposta da orde do 80-90%) e a actitude construtiva demostrada, permitiron elaborar uns documentos de consenso, aprobados por unanimidade polo Consello de Goberno.

O diagnóstico estratéxico foi aprobado no Consello de Goberno do 22 de marzo. Canto ao seu contido, na análise externa da UDC destácanse os retos da competencia con outras universidades e o proceso de integración no EEES, que se consideran ao mesmo tempo oportunidades e ameazas. Na análise interna, varias das fortalezas subliñan a importancia do ámbito tecnolóxico (dende perspectivas tan distintas como o atractivo do noso mapa de titulacións ou como o impulso das novas tecnoloxías na docencia e na xestión), mentres que entre as debilidades destacan as relacionadas coa investigación, aínda que as carencias en infraestruturas esténdense tamén a outros ámbitos.

Reprodúcese a continuación o documento PEUDC\_D4\* como resumo da análise de ameazas, oportunidades, debilidades e fortalezas da institución:

Cadro 158

		DAFO	Área/s	Ámbitos			
			I+D+i	Docencia	Relac.Soc.	Xestión	Infraestruct.
Análise Externa	Oportunidades	Financiamento público procedente da Unión Europea	X				X
		Aposta dos poderes públicos polo investimento en I+D+i	X				X
		Estabilidade do financiamento público autonómico para o período 2005-10	X	X	X	X	
		Demanda tecnolóxica por parte do sector empresarial próximo	X	X	X	X	X
		Necesidade de formación continuada por parte da empresa	X	X	X	X	X
		Proximidade dos campus a cidades atractivas		X	X	X	
		Existencia de ámbitos culturais, lingüísticos e sociais susceptibles de desenvolvemento			X	X	
		Evolución experimentada polas TIC's na investigación, a docencia e a xestión	X	X	X	X	X
		Desenvolvemento do novo mapa de titulacións de posgrado	X	X	X	X	X
	Capacidade de atracción de alumnado latinoamericano		X		X		
	<b>Competencia con outras universidades</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	
	<b>Proceso de integración no EEES</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	
	Ameazas	Perda de peso do sector industrial na economía galega	X	X	X	X	
		Falta de desenvolvemento do mercado de traballo	X	X	X	X	
		Estrutura do tecido empresarial, dominado polas pemes, e con pouco investimento en I+D+i	X	X	X	X	
		Débil relación entre o contorno institucional e a Universidade			X		X
		Evolución demográfica en Galicia (baixa natalidade e envellecemento da poboación)		X	X	X	
		Nivel educativo preuniversitario		X	X	X	X
Falta de solo para o desenvolvemento		X	X	X	X	X	
Malas comunicacións metropolitanas e exteriores			X	X		X	
Absentismo e baixa participación dos estudantes			X		X		
Análise Interna	Fortalezas	Localización física da UDC na rexión urbana A Coruña-Ferrol		X	X	X	X
		Dotación dalgunhas infraestruturas singulares (CITEEC, INEF, Club Universitario,...)	X	X	X		X
		Imaxe da UDC no seu contorno		X	X	X	X
		Mapa de titulacións competitivo, con titulacións únicas e peso do ámbito tecnolóxico	X	X	X	X	X
		Capacidade de atracción de estudantes nun contexto demográfico desfavorable		X		X	X
		Potenciación da calidade mediante a avaliación e os contratos programa	X	X	X	X	X
		Potenciación do uso das novas tecnoloxías (TIC) e da universidade virtual	X	X	X		X
		Identificación e apoio dos grupos de investigación consolidados	X	X	X	X	X
		Potenciación da creación de empresas de base tecnolóxica	X		X	X	X
	Desenvolvemento do Centro de Linguas e o Servizo de Normalización Lingüística	X	X	X	X	X	
	Acordo sobre a necesidade de potenciar a cultura e a lingua galega		X	X	X		
	Investimento en sistemas de información para modernizar a xestión	X	X	X	X		
	Debilidades	Calidade da produción científica	X	X	X	X	
		Capacidade de captación de fondos para I+D+i	X		X	X	X
		Procesos de xestión pouco áxiles	X	X	X	X	
Capacidade real de transferencia de tecnoloxía		X			X		
Carencias en infraestruturas de investigación, extensión e residenciais		X	X	X	X	X	
Escasa mobilidade e relación con grupos de investigación estranxeiros		X	X		X	X	
Escasa proxección institucional nos medios de comunicación			X	X			
Formación en idiomas	X	X	X	X			



O Cadro de Mando aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 20 de xullo recolle 24 obxectivos, con asignación de responsables. Teñen asociados 96 indicadores, para os que se sinalan niveis que hai que acadar e prazos, e moitos deles remiten a actuacións concretas, polo que permiten avanzar na proposta de proxectos e accións. Os obxectivos clasifícanse nas tres áreas estratéxicas:

## Obxectivos do Cadro de Mando

### I+D+i

- Incrementar a investigación de calidade
- Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico
- Fomentar a relación con outros grupos de investigación
- Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI
- Mellora dos procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores
- Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional

### Docencia

- Potenciación da cultura da calidade e a innovación
- Facilitar a transición no proceso de integración no EEES
- Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo
- Fomento do uso das TICs no proceso ensino-aprendizaxe
- Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos
- Fomento das prácticas en empresas e institucións
- Axilización e simplificación procedementos dos procedementos de xestión
- Reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no EEES

### Relacións coa sociedade

- Facilitar a relación dos campus cos contornos metropolitanos
- Impulso das actividades culturais da UDC
- Potenciación das relacións internacionais
- Incremento das dispoñibilidade e o aproveitamento de instalacións deportivas
- Potenciación da proxección e a imaxe da UDC
- Normalización da lingua galega
- Adaptación dos campus aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica
- Desenvolvemento do planeamento urbanístico dos campus da Coruña e Ferrol
- Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa
- Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol